

III. OUTRAS DISPOSICIÓN**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

RESOLUCIÓN do 12 de abril de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se fai pública a convocatoria para a incorporación de novas seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario para o curso 2019/20.

Co obxecto de realizar a convocatoria de autorización de novas seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario para o curso 2019/20, esta dirección xeral resolve anunciar:

Primeira. Que a regulación e convocatoria de incorporación de novas seccións bilingües para o curso 2019/20 estará dispoñible no portal educativo da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <http://www.edu.xunta.gal/portal>.

Segunda. Que os centros que desexen impartir o programa de seccións bilingües deberán facer a correspondente solicitude en liña completando o formulario electrónico dispoñible na aplicación a que se accede na ligazón <http://www.edu.xunta.es/programaseducativos>.

Terceira. Que o prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 31 de maio de 2019.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2019

Manuel Corredoira López
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

